

X.L.Vázquez Somoza (Guntín, 1961) exerce coma profesor nun instituto de Lugo e ten gañado diversos galardóns en certames de narrativa. Esta escolma de contos recolle algunhas das súas obras premiadas.

No relato que dá título ao libro, unha rapaza aqueixada dunha rara atrofia, de nome solemne e avance irreversible –esa nube de seda que a afaga de vagar–, interpela a súa enfermidade nun diálogo sen resposta; e, así, personificando o mal que a corroe, convérteo nun inimigo externo ante o que se nega a rendir o espírito. No seguinte conto, “A ferverza”, a historia de amor entre os fillos de dúas familias enfrontadas –uns Romeo e Xulieta moi preocupados, por certo, polas cuestións sociolóxicas da lingua– entretécese co presaxio dunha maldición ligada ao idílico lugar dos seus encontros. Tráxicos, tamén, son os amores narrados en “Río de esquecemento”, onde se recrea o fusilamento dun mozo inocente acusado de traizón polos falanxistas –un suceso re-

Romance decimonónico

Dislocando a lóxica das imaxes

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

al, novelado aquí como escura vinganza derivada dos ciúmes– e os ímprobos esforzos da súa noiva por impedir a súa morte. Igualmente empeñada en sal-

var o seu home –neste caso, da adición ás drogas– está a protagonista d’“A ponte Cabalar”, unha parapléxica que decide tirarse ao río para suicidarse, mais as cousas non saen coma ela pretende e, ao longo dunha interminable noite, ten tempo de rememorar, en detalle, a sacrificada relación co seu amado. “O señor Manuel de Sampaio”, menos dramático, debuxa o retrato dun canteiro que ten medo das meigas e ao que o seu axudante lle gasta unha broma. E, finalmente, “O último banco do parque” alude aos nenos desaparecidos durante a guerra civil e presenta a emoción dunha anciá galeguista repres-

liada cando, pasado o tempo, un día cre recoñecer o seu neto.

O autor demostra posuír un discurso moi persoal no que, sistematicamente, e con intensidade sostida –tanto, que algúns poden atopalo abafante–, se exercita en dislocar a lóxica das imaxes (“Ían aniñar os dez anos naquel sorriso cativador cando ao infortunio se lle escapou un derrame cerebral e se foi esconder na cabeza da nai de Fernando”; “Mentres a voz facultativa tentaba romper o xeo das súas propias palabras con alusións climatolóxicas, eu estaba a poñer os ollos nos pés da curiosidade e deixábaos agatuañar por un andel de libros”). Ese estilo con vocación romántica, devoto dos malabarismos simbolistas, dos flashbacks e da prosopopea, outorga unidade a unhas estruturas argumentais moi similares en canto a personaxes, situacións, motivacións e recursos, nas que non faltan nin a originalidade nin os tópicos, e que ás veces derivan cara á inxenuidade do folclorismo, outras semellan ilustrar unha obvía didáctica para adolescentes e con frecuencia adoptan o ton dun romance decimonónico.

VÁZQUEZ SOMOZA, *Xosé Luís, Nube de seda*, Ed. *Toxosoutos, Noia*, 2010, PVP 12 €

